

**Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.).**  
*Para saír do século. Nova proposta poética*

**Carlos L. Bernárdez**

#### **Formas de citación recomendadas**

##### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2012 [1998]). “Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.). *Para saír do século. Nova proposta poética*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 267-268. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1755>>.

##### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (1998). “Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.). *Para saír do século. Nova proposta poética*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 267-268.

\* Edición dispoñíbel desde o 23 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Luciano Rodríguez e Teresa Seara (eds.).**  
***Para saír do século. Nova proposta poética.***  
**Vigo: Edicións Xerais**

---

***Carlos L. Bernárdez***

Nos últimos anos o panorama poético galego ofrécenos unha paisaxe dinámica, na que destaca a aparición dun considerable número de novas voces, pero sobre todo no que asistimos a un debate intensamente xeracional, debate protagonizado por un conxunto de novos poetas que intentan remarcar o seu espazo poético e procurar o seu lugar no contexto cultural galego ás veces cunha forte carga de enfrontamento xeracional.

A antoloxía *Para saír do século*, realizada por dous dos máis notables estudiosos da poesía galega última, Luciano Rodríguez e Teresa Seara, tenta ofrecer unha mostra representativa do labor dos poetas aparecidos nos anos noventa, intentando reflectir a multiplicidade das estéticas presentes neles, pero sobre todo dándonos a imaxe da súa procura persoal, por medio dunha breve antoloxía e dun cuestionario no que se insiste no tema do cambio xeracional e nos elementos comúns presentes nos novos poetas. O esquema é ben habitual en múltiples antoloxías, pero ten, ó noso ver, a eiva da brevísima obra poética seleccionada de cada autor, que ofrece unha aproximación mínima ó poeta escolmado. Do cuestionario dos poetas poucas conclusións se poden tirar a respecto das reorientacións estéticas dos novos autores, fóra dun evidente desexo de procura persoal e a presenza en iniciativas que tentan revitalizar a presenza pública da poesía, recitais, colectivos... pero nos que se prima sempre a estética máis persoal, lonxe de agrupamentos de afinidades estéticas. Tampouco se pode percibir, nin da obra, nin do cuestionario, unha alternativa estética á poesía que están a realizar poetas das xeracións anteriores, fóra dunha vontade explícita de distanciamento. Hai que recordar que os anos noventa, alén das novas voces, constitúen un momento especialmente dinámico na nosa poesía no que se incorporan voces de

xeracións anteriores e no que atinxen a súa madurez moitos outros autores, o que conforma un panorama moito máis rico e plural que o ofrecido nesta antoloxía, que necesariamente, polos presupostos dos que parte —amosar novas voces— está inevitablemente limitada.

A selección dos poetas é sempre problemática e moito máis con autores tan novos, nalgún caso cun só poemario publicado. Os antólogos escollen oito autores, Ana Romaní, Antón L. Dobao, Manuel Xosé Neira, Xosé M. Millán Otero, Miro Villar, Marta Dacosta, Martín Veiga e Yolanda Castaño. Pode sorprenden a inclusión dos dous primeiros, sobre todo no caso de Ana Romaní que por idade e comezo de publicación acostuma a aparecer entre os poetas dados a coñecer nos oitenta. Os oito autores abalan entre os escasos vinte anos e os longos trinta e tantos, período de tempo que tamén ofrece un estadio de evolución necesariamente desigual. Deste xeito a antoloxía adquire o seu valor como mostrario, escolma de novas voces, pero moi lonxe de fornecer un panorama da poesía galega dos anos noventa, ó que si se fai referencia breve na introducción.

Como en toda escolma, a selección de poetas pode ser o máis discutible, pero en todo caso trátase dunha opción. Nesta ocasión hai que recoñecer que se buscaron oito voces diferentes, lonxe dunha antoloxía dun determinado gusto dominante nesta podemos achegarnos a un conxunto de obras variadas e peculiares.

En Ana Romaní apreciamos o amor e a morte, a sensualidade e a tristeza pairando en todos os seus versos e o desexo de que a voz poética poida mover e transformar a vida. A voz de Antón Dobao propende cara á colectividade, cara á denuncia da inxustiza e ó apelo á identidade, cun fondo de desacougo íntimo. Manuel Xosé Neira reflexiona sobre o paso do tempo con marcado carácter simbólico, co amor como posible salvación contra o dominio das tebras. En Millán Otero o tempo, o amor e a patria agroman deste o universo telúrico para recrear o espacio do home. A poesía de Miro Villar vai desde a ironía á desolación, do amor á ausencia e desde un universo formalmente clásico á experimentación. En Marta Dacosta a poesía é arma contra a escuridade e opresión e ó tempo reflexión sobre o ser e o seu lugar no mundo. Martín Veiga constrúe unha poesía depurada de matices culturalistas, na que a natureza aparece fráxil e ordenada e na que o eu poético encara o desigual combate contra a morte. Por último, Yolanda Castaño elabora unha poesía sensual, lúdica e barroca na que a voz poética intenta procurar o seu lugar fóra da deshumanización e do sectarismo.

Diferentes voces, diferentes propostas para un final de século caótico, de incertezas e desacougos no que a voz poética galega segue a procurar o seu espacio sempre problemático.